

NOTICIAS DE ALFOZ

NOTICIEIRO DOS VECIÑOS INDEPENDENTES DE ALFOZ

NACE VECIÑOS INDEPENDENTES DE ALFOZ

PRESENTARASE ÁS PRÓXIMAS ELECCIÓN MUNICIPAIS DE ALFOZ DO PRÓXIMO 24 DE MAIO DE 2015 COMO UNHA AGRUPACIÓN DE ELECTORES



Alfoz. Tras dous meses de intenso traballo, o grupo de veciños e veciñas de Alfóz promotores da agrupación de electores Veciños Independentes de Alfóz seguen dando pasos para concorrer ás próximas eleccións municipais do 24 de maio.

Coa intención de ofrecerlle ós veciños e veciñas de Alfóz esta nova alternativa, o pasado día 2 de Abril de 2015, reuníronse un grupo de veciños e veciñas de Alfóz de mutuo acordo, para constituírse como promotores dunha agrupación de electores baixo a denominación de **Veciños Independentes de Alfóz**, de acordo co que indica o artigo 169.3 da LO 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. O principio reitor desta agrupación, será promover unha candidatura para poder presentarse ás eleccións municipais no concello de Alfóz, convocadas para o día 24 de maio de 2015. Así mesmo, os promotores designaron a administradores e representantes diante da administración electoral. Tras a sinatura desta acta os asistentes compartiron un pequeno aperitivo.

Posteriormente, o pasado venres día 10 de Abril, propúxose, entre os membros promotores de Veciños Independentes de Alfóz, unha lista de candidatos para concorrer ás próximas eleccións municipais.

Debido a que as agrupacións de electores necesitan un número de sinaturas que avalen a candidatura proposta, simpatizantes de Veciños Independentes de Alfóz procederon a asinar ante notario ó longo da semana pasada para que esta alternativa poda presentarse ás próximas eleccións municipais. Unha vez reunidos os requisitos establecidos no artigo 187.3 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, referentes ás agrupacións de electores, o pasado 15 de abril, presentouse diante da Xunta Electoral de Zona toda a documentación necesaria para a presentación oficial da candidatura.

Para facer pública a candidatura, Veciños independentes de Alfóz celebra un acto de presentación o venres día 24 de abril no restaurante "O Frenazo" de Alfóz a partir das 21 horas. Neste evento, aberto a todo o público en xeral, compartirase un aperitivo entre os asistentes.

Os membros de Veciños Independentes de Alfóz queremos mostrar o noso agradecemento ós veciños e veciñas que apoian esta candidatura, co seu aval, cos seus donativos e co seu esforzo pois, grazas a este feito, están permitindo que os electores de Alfóz teñan unha nova alternativa na que poder confiar. Desde VIA esforzaremos en poder corresponder á confianza depositada con ilusión, humildade e traballo.

EDITORIAL

Jordi Melián

Aló polo ano 71, xa choveu!, comprei o meu primeiro coche, un 124 de catro portas, moi grande para aquela época, comparado co mítico 600.

E con aquela ilusión dun neno en Reis, decidín conquistar Galicia, primeiro comecei por Ribadeo, logo Barreiros, así ata chegar a Santa Tegra.. O que pensei que foi una conquista, realmente foi o incio dos cimentos e toda unha admiración as paisaxes e xentes de Galicia, desta nova emoción no meu ser, comecei a vir tódalas veces que podía, sentía "morriña" esa palabra que só existe aquí e que ninguén pode definir ata coñecer Galicia e sobre todo este pobo.

Extasiado polo mar, os contrastes das cores, o orballo e o cariño da xente, o meu corazón encheuse, un corazón cheo de vida que só pensa en Alfóz e na xente tan maravillosa que vive neste entorno.

Agora con cabelo prateado, co andar repousado pola experiencia voltei para non marchar xa que de novo as xentes aquí abriron o seu corazón para acollerme para sempre.

Por iso Alfóz é o meu Alfóz. Grazas xentes maravillosas.

Entrevista a...

Xabier Pardiñas
Candidato por VIA



¿Que é VIA?

É un grupo de veciños e veciñas sen afiliación política que nos unimos para concorrer ás eleccións do próximo 24 de maio, con vocación de servizo ao pobo, non contra ninguén, senón a favor do noso concello, Alfoz.

¿Cal é a tendencia ideolóxica de VIA?

O noso concello necesita ideas non ideoloxías, o importante é a xestión e non tanto os dogmas ideolóxicos preestabelecidos.

As persoas que formamos VIA consideramos que nos debemos única e exclusivamente ós veciños e veciñas de Alfoz sen ordes de partido.

Aínda que están a facer o programa, díganos algunha proposta?

O primeiro debe ser tomar medidas que nos permitan paralizar a despoboación, empezando por levar a cabo unha ordenación do territorio que de lugar ó remate da Concentración Parcelaria e a posta en marcha dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que lle permita ós veciños e veciñas de Alfoz asentar no seu concello non só as súas vivendas senón tamén os seus negocios, sendo tarefa irrenunciable delimitar solo industrial.

Temos ante nós unha oportunidade económica que permite o aproveitamento de todo o potencial que ofrecen os nosos recursos naturais, tanto os nosos montes, como o noso patrimonio histórico, tanto o sector forestal como o turístico, fixando emprego no rural.

Os nenos sempre din a verdade

Xabier Pardiñas Suárez



Nacín no Castro de Ouro no ano 76. Cando era pequeno como xogaba ás construcións con camións e palas na aira da miña casa. Aínda que de pequeno dicía que non ía estudar, lévoo facendo toda a vida pois un nunca se cansa de aprender. Traballo como profesional liberal de Arquitecto Técnico e aínda que estiven en varias empresas construtoras, decidín emprender e apostar pola miña propia. Compaxino o meu tempo ca docencia, que é a miña paixón. Tamén presido o SEVA e son membro da xunta do COAATIE de Lugo. Son unha alma inqueda e cun gran corazón, así me define a miña muller, que sen o seu apoio non estaría aquí, tomando esta nova vía. Sento un amor incondicional por Alfoz, o amor de quen tivo que abandonar o seu pobo por motivos laborais e que fai que o seu corazón e a súa mente só pense en Alfoz.

Persoalmente a miñas fillas e o meu pequerrecho son a razón da miña existencia.

Efigenia Maseda Paz



Nacín en Vilaude no barrio do Piñeiro no ano 64. Os meus primeiros recordos de pequena son os de ir andandoo na bicicleta ata a escola de Reirado, alí facíamos carreiras cando saíamos da escola, os de Vilaude contra os de Reirado. Recordo tamén xogar o brilé no medio da estrada xeral esperando o bus para ir a Ferreira. Despois estudei en Mondoñedo e como me gusta viaxar e explorar novos sitios algún venres faltabamos á clase para ir visitar Mosteiro dos Picos. Cursei Filoloxía Clásica en Santiago e exerzo de profesora de latín e grego. Son moi extrovertida, gústame falar ca xente e no meu tempo libre gústame o cine e a miña pequena horta.

Carmen Geada Maseda



Fai 48 anos que nacín en San Pedro de Mor, Alfoz, recordo da miña infancia cómo xogaba ás bonecas e a ser protagonistas das novelas, cas miñas primas e os meus compañeiros de cole. Tamén os seráns de fútbol cos meus dous irmáns, pero o recordo mais doce é xogar no ultramarinos da miña casa ás tendas.

Son carteira dende fai 23 anos, un oficio por vocación que me enche como profesional e como persoa.

Cando non estou de carteira gústame relaxarme cas manualidades e co punto de cruz, fanme desconectar un pouco. No terreo persoal nada máis destacable que os meus dos amores, a miña filla e a miña neta, elas son a miña vida.

Pablo José Maseda Rubal



Fai 42 anos que nacín en San Pedro de Mor, parroquia de Alfoz. Recordo da miña infancia aparte daquelas magníficas festas de San Pedro, as viaxes que facía co CD Alfoz

Pero o meu mellor recordo foi cando me compraron o vespino e quedaba con tódolos meus amigos para dar voltas por Alfoz. Para min significou sentir a liberdade, as cóxegas na barriga de calquera adolescente cando sinte que non depende dos seus pais e ten certa independencia. Ata me lembro que levaba unha pouca melena daquela! Estudei Ciencias Económicas e Empresariais, desexoso de aplicar o aprendido na facultade son socio dunha xestoría en Alfoz.

No ámbito persoal considero que son unha persoa moi seria e traballadora, receoso da miña intimidade e gañador do mellor premio que che pode dar a vida, o meu fillo, culpable sen remedio de que desexe que Alfoz sexa o mellor do sitios para vivir.

Marcela Paz Díaz



Direi sempre orgullosa que nacín en Carballido parroquia de Alfoz fai 43 anos, onde sempre lembrarei cómo corría e xogaba sen parar, tamén lembro ese olor a forno recen acendido pola miña nai que o cabo das horas desprendía deliciosos olores a pan, empanada e doces para a festa.

Son nai de dous fillos que son o meu motor e compaxino a miña vida persoal ca profesional, xa que hai 13 anos que son autónoma e xestiono a miña casa e unha pequena explotación gandeira e agrícola con moita ilusión e tamén con moito traballo.

Son inqueda de espírito e vocación, gústanme as cousas ben feitas e que con pequenos xestos as cousas poden cambiar (aínda que non sexa doado). Ademais considérome unha persoa cun gran corazón, son das que creen que tódalas persoas son boas por natureza, iso sí, se teño que dicir algo non calo.

Paula García Álvarez



Nacín un 29 de setembro do 86 en Bacoí, a parroquia que me veu crecer xogando cos meus primos sen descanso, celebrando os cumpreanos todos xuntos e disfrutando do 15 de agosto nas patronais cas nosas mellores galas para saír en procesión.

A miña profesión é administrativa e dende fai 6 anos que traballo nunha xestoría en Barreiros, ademais de traballar un montón, sobre todo nos trimestres, nos meu tempo libre collo a miña bicicleta e perdono polos camiños de Bacoí facendo rutas e explorando novos camiños, desconectando do mundo para sentir as emocións e os olores que desprende o meu Bacoí.

Gústame aprender novas cousas de aí que estea ampliando os meus coñecementos en idiomas, como din, o saber non ocupa lugar.

José Luis Cascudo Cascudo



Nacín en Lagoa no 56 e vivo na Grela, os meus mellores recordos son eses partidos de fútbol nos que xogábamos os da ponte de abaixo contra os da ponte de arriba na Grela, ¡que recordos!, tamén cómo lle collía o meu pai todas as súas ferramentas para facer carrilanas e recorrer os camiños ¡xa me reinaba de aquela!.

Actualmente e dende fai 33 anos son condutor profesional na mesma empresa, considérome unha persoa moi responsable, leal e con gran corazón, sinto adoración pola miña familia xa que é a miña prioridade neste mundo.

Francisco J. Fernández Fraga



Nacín en Alfoz fai 35 anos, vivo en Adelán. Da miña infancia recordo cando viña xogar onde meu avó, na taberna de Calixto, hoxe a miña casa. Tamén recordo aquelas pachangas que xogaba cos veciños no campo do adro de San Acisclo, que ben o pasábamos, non había noción do tempo.

Son unha persoa moi preocupada e tranquila, os deportes e a natureza son afeccións que comparto cos meus fillos, que para min son o mellor que me aconteceu na vida, son o motivo de estar aquí, por e para eles.

O equipo de VIA pon a disposición dos veciños e veciñas de Alfoz a dirección de correo electrónico vialfoz@gmail.com coa intención de que nos expoñan as súas suxestións

Escoitamos ós veciños e veciñas de Alfoz...

Coa intención de facer un programa participativo, onde tanto os veciños e veciñas de Alfoz, como os colectivos que os representan, nos amosen as súas inquiredanzas e nos transmitan as súas necesidades reais, Veciños Independentes de Alfoz realizou diferentes reunións ó longo dos meses de marzo e abril.



Reunión con membros da xunta directiva da ACIA Alfoz



Reunión cos membros da Asociación Protectora de Animais Valadouro Alfoz



Reunión co persoal do Centro de Saúde de Alfoz



Reunión con membros do Consello Escolar do CEIP Castro de Ouro

“Un pobo bon para os nenos é un pobo bon para todos”.

Franchesco Tunocci

María Ángeles Ferrerio Manciñeiras



Nacín en Lugo, e despois de trasladarme a diferentes sitios de Galicia, decidín estudar Enfermería en Santiago xa que era unha pasión dende que era pequena, despois de 3 anos conseguín a titulación, agora o problema estaba en ónde atopar traballo.

O meu primeiro traballo foi en Foz, pero cando puiden escoller destino non dubidei nin un segundo, o meu querido Alfoz, sempre me gustou este pobo, porque a xente falaba moi ben del, e como vedes levo xa 19 anos (Cómo pasa o tempo!), aquí sigo, encantada porque a xente é moi cariñosa, amable e agradecida, resumindo, moi boa xente... Por iso nunca quixen cambiar e síntome feliz e orgullosa de poder formar parte deste pobo, aporeveito para darvos 1000 grazas.

Daniel Pérez Pardiñas




Fai 33 anos que nacín neste concello, na parroquia de San Pedro, e pasei toda a miña infancia aprendendo e disfrutando na fermosura deste pequeno paraíso.

Xa ben entrado na adolescencia empecei a coñecer outros lugares, a veces por gusto e a veces por forza, máis ningún deles conseguiu facerme desexar outra cousa que non fose volver a vivir nesta terra.

Tralo paso dos anos e de estar afastado das miñas orixes, tiven a sorte de poder regresar ao meu val e establecerme de novo na miña parroquia natal.

Agora o meu maior desexo é poder deixar ás vindeiras xeracións un concello capaz de namoralos como fixo comigo, para que tamén desexen facelo medrar e mellorar cada vez máis. Ése é o meu obxectivo e esta é a vía que elixín para acadalo.

Blanca Pértega Maseda



Aínda que nacín en Lourenzá no ano 79, o meu corazón quedou no Pereiro dende o 2009 onde formei unha familia. Boto en falta eses tempos nos que xogaba tódolos días ás canicas e as bonecas cas miñas veciñas, onde me sentaba a escoitar contos dos maiores e quedaba abraida cas súas historias.

Son administrativa de vocación e profesión, considero que o respecto e o bo facer son primordiais nesta vida, xa que o noso tempo non é infinito.

Son unha persoa moi traballadora e responsable, e estou segura de que cun pequeno xesto pódense cambiar grandes cousas. No meu tempo de lecer gústame perderme entre fíos e agullas, pero sobre todo ausentarme facendo largos paseos empapándome da nosa natureza.

Jordi Melián Pagés



Veciño de Alfoz dende fai máis de 5 anos, nacín en Girona no ano 44, gradueime en enxeñería químico industrial en Barcelona, onde traballei como químico máis de 41 anos na empresa de perfumaría Antonio Puig, S.A. Actualmente estou felizmente xubilado, cando traballaba fíxeno con seriedade e moita profesionalidade en postos de formación de equipos e posta en servizo de diferentes fábricas de Puig en España e tamén no estranxeiro.

Actualmente dedico o meu tempo a cousas moito máis interesantes, xa que son un curioso sen fin: membro do SEVA, da Asociación Española de Químicos Cosméticos SEQC e a asociación enxeñeiros químicos IQS. Ademais practico múltiples afeccións: fotografía, a paixón pola lectura, escoitar música clásica, pero sobre todo a miña horta e as miñas flores.



VECÍÑOS INDEPENDENTES DE ALFOZ

é o noso momento!